

**CURSO
18-19**

**Biblioteca Escolar CPI de San
Vicente (A Baña)**

OUTRAS ACTIVIDADES:

⇒ **MINI OBRADOIRO DE GRAVACIÓN**

Primeira semana de abril

Se te animas a gravar aos informantes, ensinaremosche como facelo para que a calidade da imaxe e do son sexan fantásticas.

⇒ **OBRADOIRO DE MÚSICA TRADICIONAL**

O **luns 8 de abril** vas coñecer e descubrir a un artista que, en pleno século XXI, mantén vivo o noso legado cultural, porque tradición e modernidade poden ir xuntas.


**Biblioteca Escolar CPI de San Vicente (A
Baña)**

Rúa Tadelle S/N
15863 A Baña

e-mail: equipobiblio@gmail.com
Teléfono: 881 867 001

**Recompilamos poesía e cancións de
tradición oral**

AXUDADEME A CANZAR



**Un proxecto de recuperación do
patrimonio inmaterial da nosa contorna**

Dentro do proxecto ao redor do patrimonio cultural impulsado no presente curso 2018-19 pola Biblioteca Escolar, esta nova actividade pretende achegarnos a unha parte do noso patrimonio inmaterial: a poesía de tradición oral, así como a música habitualmente asociada a ela. A literatura en verso pensada para ser cantada é unha das manifestacións artísticas máis antigas de todas as culturas, e en Galicia, por fortuna, chegou moi viva ata a actualidade.

Canto se canta na Baña!

Temos noticia de que se cantaba moito e ben en Lañas, no Barro, en Suevos, en Corneira... e seguro que tamén noutras parroquias e lugares do concello da Baña, e da comarca en xeral. E aínda hai moitas persoas que lembran coplas e cantigas que aprenderon hai anos de amizades, familiares, veciñanza, etc., ou que inventaron elas mesmas. O que pretendemos é coñecer mellor este patrimonio musical e literario, rexistralo, aprender a valoralo e, incluso, descubrir que hai artistas que continúan ese legado en pleno século XXI...

Queres axudarnos?

Pregunta na túa familia e entre os teus veciños e veciñas e seguro que atopas excelentes **informantes** (persoas que lembran cancións e coplas e que seguramente estean encantadas de ensinarchas); moitas son mulleres maiores, pero non só.

Pode estar ben que primeiro lles comentes o que estás buscando e que despois vaias entrevistalas outro día: así terán tempo de facer memoria.

Dúas modalidades de participación:

- **Modalidade A: Gravamos son ou vídeo**

Trátase de **gravar nun arquivo de vídeo ou de audio** á persoa informante cantando. Pregúntalle se saben tamén tocar a pandeireta, porque sería aínda máis interesante se o fixese; se non tedes pandeireta, no colexio podemos prestarvos unha.

Podes empregar un smartphone, unha tableta ou unha cámara de fotos.

Non te preocupes se a gravación tamén inclúe partes faladas, ou se se equivoca: non ten importancia. Ten en conta que as présas non son boas: ás veces o que se busca aparece máis adiante!

Cando o teñas, mándanos a gravación ao enderezo electrónico da Biblioteca: (equipobiblio@gmail.com) **antes do 3 de maio**.

Enche a ficha de recollida e entréganola na biblioteca.

- **Modalidade B: Transcribimos coplas, romances, etc.**

Trátase de anotar as coplas e outros poemas (romances, tercetos...) que a persoa informante lembre. Utiliza unha ficha distinta para cada informante.

É esencial que poñas por escrito **EXACTAMENTE** o que che din: non debes nin sequera corrixir os "erros" (p. ex. castelanismos).

Cando teñas as fichas, entrégaas na Biblioteca **antes do 3 de maio**.